



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Políticas de atención ás persoas maiores		Código	615525024
Titulación	Mestrado Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Segundo	Optativa	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Gómez Sánchez, Tania Fátima	Correo electrónico	tania.fatima.gomez.sanchez@udc.es	
Profesorado	Gómez Sánchez, Tania Fátima	Correo electrónico	tania.fatima.gomez.sanchez@udc.es	
Web	www.educacion.udc.es/index.php?pagina=docente&id_docente=273			
Descrición xeral	Esta materia diríxese a favorecer a análise crítica das políticas de atención ás persoas maiores mediante o estudo de distintas contribucións teóricas, documentos, informes e normativa.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A2	CE2 - Interpretar os feitos e as políticas sociais desde os distintos paradigmas teóricos vixentes na análise da exclusión.
A3	CE3 - Diseñar e desenvolver procesos de observación e documentación para o estudo das políticas e os sistemas de benestar social.
A4	CE4 - Recompilar e interpretar a información suficiente para chegar a diagnósticos fiables sobre os riscos de exclusión e os factores de vulnerabilidade social.
A5	CE5 - Interpretar as situacións e os procesos de marxinação social e económica de colectivos desde unha perspectiva histórica e macroestrutural.
A6	CE6 - Avaliar a capacidade e eficacia das medidas de intervención para corrixir ou previr situacións e procesos de exclusión social.
A21	CEE1 - Explicar os procesos de exclusión vinculados ás transformacións da estrutura familiar e por idades das sociedades.
A23	CEE3 - Identificar as dinámicas interxeracionais, biolóxicas e socioeconómicas que xeran situacións de exclusión.
A24	CEE4 - Identificar situacións e procesos de segregación de colectivos vulnerables asociados ao avellentamento demográfico.
A25	CEE5 - Actuar como profesional competente e cualificado/a no ámbito do deseño, a xestión e a avaliación de proxectos de investigación, políticos e sociais sobre situacións de dependencia.
A26	CEE6 - Actuar como profesional competente e cualificado/a no ámbito do deseño, a xestión e a avaliación de políticas de intervención dirixidas á conciliación familiar e ás necesidades dos maiores.
B2	CB2 - Aplicar e integrar os coñecementos a contornos e problemas emerxentes e indefinidos, na práctica investigadora e profesional.
B4	CB4 - Identificar os dilemas éticos e a responsabilidade social tras os retos formulados na práctica profesional e investigadora.
B7	CB7 - Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B13	CX1 - Comprender e integrar coñecementos complexos para traducilos en propostas de investigación e programas de intervención en contextos sociais problemáticos.
B14	CX2 - Realizar unha análise crítica da realidade social e do desenvolvemento profesional vinculada aos feitos sociais sobre os que se traballa.
B15	CX3 - Diseñar, aplicar e avaliar proxectos de investigación en ciencias sociais relacionados cos procesos e as situacións de exclusión social.
B18	CX6 - Valorar a adecuación das distintas ferramentas teóricas, metodolóxicas e técnicas ás preguntas e os obxectivos específicos formulados sobre a realidade social e as políticas sociais.
C1	CT1 - Reflexionar, chegar a conclusións e propoñer solucións a través do traballo en equipo.
C3	CT3 - Asumir o reto da interdisciplinidade no desenvolvemento do traballo investigador e profesional.
C5	CT5 - Aplicar un razoamento crítico na reflexión teórica e no desenvolvemento práctico do traballo profesional e investigador.
C6	CT6 - Expresarse correctamente, de forma oral e escrita, nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.



Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Analizar as políticas e os programas destinados á atención ás persoas maiores e/ou en situación de dependencia	AM2 AM4 AM5 AM21 AM23 AM24	BM4 BM7 BM14	CM1 CM3 CM5 CM6
Coñecer e explicar o desenvolvemento xurídico-legal das políticas de atención á dependencia en España e no contexto da Unión Europea.	AM3 AM4 AM5 AM6	BM7 BM14 BM18	CM1 CM3 CM5 CM6
Propoñer políticas, programas e plans de intervención destinados á poboación maior e/ou en situación de dependencia	AM3 AM25 AM26	BM2 BM4 BM7 BM13 BM15	CM1 CM3 CM5 CM6

Contidos

Temas	Subtemas
1. TEORÍAS SOBRE O ENVELLECIMENTO	1.1. Contexto socioeconómico. 1.2. Teorías sociais do envellecemento. 1.3. Cambio de paradigma.
2. AS POLÍTICAS SOCIAIS DESTINADAS ÁS PERSOAS MAIORES E/OU EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA.	2.1. A participación social das persoas maiores e/ou nunha situación de dependencia. 2.2. Calidade de vida e benestar: conceptualización de dependencia, autonomía e vulnerabilidade. 2.3. Envellecemento, dependencia e dereitos humanos.
3. POLÍTICAS DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA EN ESPAÑA E NA UE DESTINADAS ÁS PERSOAS MAIORES E/OU EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA.	3.1. Marco internacional e da Unión Europea. 3.2. Marco español. 3.3. Marco autonómico e local.
4. PROGRAMAS E MODELOS DE INTERVENCIÓN E ACCIÓN CON PERSOAS MAIORES E/ OU EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA.	4.1. Perspectivas de intervención. 4.2. Programas dirixidos a persoas maiores e/ou en situación de dependencia: comunicación, sexualidade, malos tratos, alfabetización dixital, dependencia, etc.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	A3 A4 A6 A24 A25 A26 B2 B7 B13 B15 C6 C5 C1	6	14	20
Discusión dirixida	A4 A5 A6 A21 A24 B2 B14 B18 C5 C6	6	15	21
Lecturas	A2 A3 A5 A23 A24 B4 B14 C3 C5	8	20	28
Proba de ensaio	A2 A4 A5 A6 A21	2	38	40
Seminario	A4 A5 A6 A21 A25 A26 B2 B7 B13 B15 B18 C1 C3 C5 C6	4	26	30



Sesión maxistral	A2 A4 A5 A21 A23 A24 B4 B14 C5	7	0	7
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo, na procura da aplicación da teoría á praxe, mediante o traballo de situacións relacionadas co exercicio profesional.
Discusión dirixida	Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por un moderador, na que se aplicarán os contidos traballados nas lecturas e nas sesións maxistras.
Lecturas	Son un conxunto de textos e documentación escrita relacionada coa materia obxeto de estudo que se recolleron e editaron como fonte de estudo e profundización nos contidos traballados.
Proba de ensaio	Proba na que se busca responder por escrito a preguntas de certa amplitude valorando que se proporcione a resposta esperada, combinada coa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Permite medir as habilidades como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de redacción e de orixinalidade do estudante; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.
Seminario	Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos sobre un tema obxeto de estudo da materia e as conclusións ás que teñen que chegar todos os compoñentes do seminario. Consistirá nunha presentación oral sobre dun tema específico obxeto de estudo da materia e a entrega dun traballo escrito sobre do mesmo.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia. Nestas sesións se traballará o tema inicialmente, para poder profundizar no mesmo a través das lecturas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	A atención personalizada que se refire para o seminario consiste en titorías grupais ou individualizadas, presenciais ou por internet, para poder facer as revisións do traballo de cara á súa presentación e para poder consultar as dúbidas con respecto da súa elaboración.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Discusión dirixida	A4 A5 A6 A21 A24 B2 B14 B18 C5 C6	Participación activa na clase (10%) Preparación das lecturas para os debates de cada unha das sesións (15%)	25



Seminario	A4 A5 A6 A21 A25 A26 B2 B7 B13 B15 B18 C1 C3 C5 C6	<p>O traballo que se realizará para a materia consistirá nun traballo grupal sobre o análise dunha política social ou a proposta ou análise dun programa ou modelo de intervención para persoas maiores e/ou dependentes, que se presentará oralmente no seminario, pero tamén se fará unha achega do mesmo por escrito.</p> <p>Para a modalidade online a presentación oral do mesmo se poderá realizar en formato non presencial, contemplando a posibilidade de distintos medios tecnolóxicos dispoñibles.</p> <p>Para avaliar os traballos presentados polo alumnado se terán en conta os seguintes criterios de avaliación xeral:</p> <p>PRESENTACIÓN ESCRITA</p> <p>Estrutura: coidado da presentación (respecto polo formato), organización do contido, claridade expositiva e corrección gramatical.</p> <p>Contido:</p> <p>Grao de comprensión das ideas básicas da materia</p> <p>Dominio conceptual e uso apropiado do vocabulario da materia</p> <p>Emprego de fontes bibliográficas variadas (distintos autores/as, distintos formatos e distintas perspectivas sobre un mesmo tema) e corrección na citación das fontes</p> <p>Capacidade de relación dos contidos</p> <p>Coherencia entre os diferentes apartados</p> <p>Grao de afondamento de cada un dos apartados e relación co abordado na aula.</p> <p>PRESENTACIÓN ORAL</p> <p>Relevancia, pertinencia e organización coherente dos contidos expostos</p> <p>Emprego de medios audiovisuais ou outros recursos como apoio</p> <p>Nivel de coordinación do grupo ao expoñer (que reflecta un traballo colaborativo, non unha suma de partes)</p> <p>Nivel de comprensión dos contidos básicos</p> <p>Claridade expositiva</p>	35
Proba de ensaio	A2 A4 A5 A6 A21	<p>Modalidade presencial: A avaliación consistirá na realización dun ensaio crítico sobre un dos temas do programa.</p> <p>Modalidade online: A avaliación consistirá na realización dun ensaio crítico sobre un dos temas do programa.</p>	40

Observacións avaliación

Recoméndase

os envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, no utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.

Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.

Débese

ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sosenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

Fontes de información



Bibliografía básica

Abellán García, A., Ayala García, A. & Pujol Rodríguez, R. (2017) Un perfil de las personas mayores en España, 2017. Indicadores estadísticos básicos. Madrid, Informes Envejecimiento en red nº 15, 48 p. [Fecha de publicación: 31/01/2017; última versión: 27/03/2017].
<<http://envejecimiento.csic.es/documentos/documentos/enred-indicadoresbasicos17.pdf>>

Alemán Bracho, M. d. C., & Martín García, M. (2014). Envejecimiento y derechos humanos. *Miscelánea Comillas: Revista De Ciencias Humanas y Sociales*, 72(140), 227-255. Buendía Vidal, J., ed. lit. In Buendía Vidal J., ed. lit. (Ed.), (2010). *Gerontología y salud : Perspectivas actuales*. Madrid (sp): Biblioteca Nueva. Campos Aldana, A. L., & Huertas de González, C. (2011). Hacia la comprensión integral de los procesos de vejez y envejecimiento desde las diferentes perspectivas. *Revista Tendencias & Retos*, (16), 111-123. Cerri, C. (2015). Dependencia y autonomía: Una aproximación antropológica desde el cuidado de los mayores. *Athenea Digital: Revista De Pensamiento e Investigación Social*, 15(2), 111-140. Conejero Paz, E. (2016). Políticas de envejecimiento: ¿un dilema sin resolver? *3c Empresa: Investigación y Pensamiento Crítico*, 5(4), 58-64. Corte, B. (2011). La comunicación como un derecho humano y su papel en la longevidad. *Oñati Socio-Legal Series*, 1(8), 10-16. Dabove Caramute, M. (2011). Ancianidad, derechos humanos y calidad de vida. *Oñati Socio-Legal Series*, 1(8), 1-4. Dabove Caramute, M. (2011). Autonomía y atención de los ancianos en situación de dependencia en España. *Oñati Socio-Legal Series*, 1(8), 2-35. de la Serna Bilbao, M. (2011). Las tecnologías de la información. *Oñati Socio-Legal Series*, 1(8), 11. Dulcey Ruiz, E. (2011). Calidad de vida y derecho al reconocimiento en la vejez. *Oñati Socio-Legal Series*, 1(8), 6-13. Ezquerro, S., Pérez Salanova, M., Pla, M. & Subirats, J. (Ed.), (2016), *Edades en transición, envejecer en el siglo XX : Edades, condiciones de vida, participación e incorporación tecnológica en el cambio de época (1ª ed ed.)*. [Barcelona] (sp): Ariel. Fuente Robles, Yolanda María de la, Sotomayor Morales, E. M., & Martín Cano, M. d. C. (2016). 535. vulnerabilidad sobrevenida en personas en situación de dependencia en España. *Scripta Nova: Revista Electrónica De Geografía y Ciencias Sociales*, (20) García Medina, J. (2011). La protección jurídico-civil de la ancianidad. *Oñati Socio-Legal Series*, 1(8), 9-15. Gil Calvo E. (Ed.) (2003) *El poder gris : Una nueva forma de entender la vejez (1a ed ed.)*. Barcelona (sp): Mondadori. Giró Miranda J. (Ed.) (2004) *Envejecimiento y sociedad : Una perspectiva pluridisciplinar [Logroño] (sp): Universidad de La Rioja, Servicio de Publicaciones.* Gracia Ibáñez, J. (2011). El maltrato familiar hacia las personas mayores. *Oñati Socio-Legal Series*, 1(8), 4-26. Grosman, C. (2011). Una intersección compleja. *Oñati Socio-Legal Series*, 1(8), 12-29. Hernando Ibeas, M. V. (2004). Habilidades de comunicación con las personas mayores. *Envejecimiento y sociedad: Una perspectiva pluridisciplinar (1st ed., pp. 103-141) Universidad de La Rioja.* Hernando Ibeas, M. V. (2005). Sexualidad y afectividad en la vejez. *Envejecimiento, salud y dependencia (1st ed., pp. 63-80) Universidad de La Rioja.* Hernando Ibeas, M. V. (2006). Teorías sobre el fenómeno del envejecimiento. *Envejecimiento activo, envejecimiento en positivo (1st ed., pp. 37-64) Universidad de La Rioja.* Izquierdo Martínez, A., & Izquierdo Dopf, A. (2005). Psicología del desarrollo de la edad adulta: Teorías y contextos. *Revista Complutense De Educación*, 16(2), 601-619. Lassen, A. J. (2015). Biopolíticas de la vejez: Cómo el conocimiento sobre el envejecimiento forma políticas de envejecimiento activo. *Sociología Histórica: Revista De Investigación Acerca De La Dimensión Histórica De Los Fenómenos Sociales*, (5), 331-362. Leturia Arrázola, F. (2011). Los derechos de las personas mayores. *Oñati Socio-Legal Series*, 1(8), 8-24. Lynch, K., Baker, J. & Lyons, M. (Ed.) (2014), *Igualdad afectiva : Amor, cuidados e injusticia*. Madrid: Morata. Martín Cuadrado, A. M., Gallego, D. J., Alonso, C. M. (Ed.), (2010) *El educador social en acción : De la teoría a la praxis*. Madrid: Editorial Universitaria Ramón Areces. Martínez Rodríguez, T., Díaz-Veiga, P., Rodríguez Rodríguez, P. & Sancho Castiello, M. (2015). Modelo de atención centrada en la persona. Presentación de los Cuadernos prácticos. Madrid, Informes Envejecimiento en red, nº 12. [Fecha de publicación: 30/07/2015]; <http://envejecimiento.csic.es/documentos/documentos/enred-modeloatencioncuadernosmatia.pdf>

Maya Jariego I. (Ed.), (2007) *Estrategias de intervención psicosocial*. Madrid: Pirámide. Melero Marcos, L., Melero Ventola, A., & Valdivieso Pastor, J. (2013). Envejecimiento y pobreza: Vinculaciones y soluciones propuestas. *International Journal of Developmental and Educational Psychology: INFAD. Revista De Psicología*, 2(1), 271-286. Mondragón Ruiz de Lezana, Miren Jaione. (2011). Condiciones de vida y ausencia de bienestar de las personas mayores. *Oñati Socio-Legal Series*, 1(8), 3-23. Muñoz Tortosa J. (Ed.), (2002) *Psicología del envejecimiento*. Madrid: Pirámide. Neugarten, B. (Ed.), (1999). *Los significados de la edad*. Barcelona: Herder. Pickard S. (Ed.), (2016). *Age studies : A sociological examination of how we age and are aged through the life Course*. Los Angeles: Sage. Prieto, D., Etxeberria, I., Galdona, N., Urdaneta, E., & Yanguas, J. (2009). Las dimensiones subjetivas del

envejecimiento. Colección estudios, Serie personas Mayores. España: Ministerio de Sanidad y Política Social. España. Ramos Toro M. (Ed.), (2016). Envejecer siendo mujer : Dificultades, oportunidades y retos. Barcelona: Bellaterra. Rodríguez Álvarez, V., & Rubiera Morollón, F. (2016). Panorama de las buenas prácticas y políticas adoptadas en la unión europea frente al envejecimiento. Investigaciones Regionales: Journal of Regional Research, (34), 139-171. Sáez Carreras, J., Pinazo Hernandis, S., & Sánchez Martínez, M. (2008). La construcción de los conceptos y su uso en las políticas sociales orientadas a la vejez: La noción de exclusión y vulnerabilidad en el marco del envejecimiento. Revista Del Ministerio De Trabajo e Inmigración, (75), 75-94. Tobío Soler, C. (2008). Redes familiares, género y política social en España y Francia. Política y Sociedad, 45(2), 87-104. Vicente Blanco, D. F. J. (2011). La protección de los adultos en el derecho internacional privado codificado por la conferencia de la haya: El convenio de 13 de enero de 2000 y sus soluciones. Oñati Socio-Legal Series, 1(8), 15-23.



Bibliografía complementaria	<p>Oddone, M.J. (2013). Antecedentes teóricos del Envejecimiento Activo. Madrid, Informes Envejecimiento en red, nº 4. [Fecha de publicación: 28/09/2013].&lt;http://envejecimiento.csic.es/documentos/documentos/oddone-antecedentes-1.pdf&gt;; Sánchez, M., & Díaz, P. (2007). La evaluación de los programas intergeneracionales. Colección Documentos, Serie Documentos Técnicos, IMSERSO. World Health Organization. (2007). Ciudades globales amigables con los mayores: una guía. Suiza: Organización Mundial de la Salud.</p>
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías